


Documento distribuído por  
 culturagalega.org

# Un poema de Juan Vicente Martínez Quelle

Reproducimos a continuación un poema de Juan Vicente Martínez Quelle publicado na revista *Labor Gallega*.

- *Labor Gallega*, A Habana, 15 de maio de 1916.



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña  
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 / [aemigracion@consellodacultura.org](mailto:aemigracion@consellodacultura.org)

## NOVAS LIRAS

Ont'as cordas que tiñan as liras  
d'os nosos poetas  
eran feitas de fibras sensibres  
tecidas por fadas  
de máxicos dedos.  
Ó pulsálas soaban as cordas  
melosiñamente  
e faguían q'os nosos peisanos,  
sempre adormecidos,  
vivisen morrendo.  
A morriña cebábase fera  
nos nosos labregos  
e namentras se vía apertado  
por trabucos, preitos,  
caciques e cregos.  
Durmindo e soñando, letárxicamente,  
o pobo gallego  
conta se non daba  
das treidoras feras  
que, con rabia louca  
roíanll'o peito.

Hox'as liras que pulsan os vates  
da terra gallega  
xa non xemen, xa non adormecen,  
pois teñen as cordas  
de fíos de ferro.  
Virilmente resoan seus cantos  
por vales e leiras,  
despertando nos nosos peisanos  
ideas subrimes  
de loita e progreso.  
Xa non choran, son gritos de guerra,  
cal vos de trompetas  
os que soan pol'as corredoiras  
de monts e vilas,  
lugares e aldeas.  
Retumbantes escóitans'os ecos  
pol'a carballeira  
e a seus sonos congresas'o pobo,  
o pobo que antrontes  
xemía morrendo.

¡Tembrade tiranos!  
Q'os gallegos,  
xa ben cansos d'as ingratitudes  
d'os que mal lle queren,

aprestans'a loita  
baix'a insignia dos vates modernos  
que tañen suas liras  
de cordas de ferro.

J. V. M. Quelle.